



CARLOS CASARES,

un país de palabras

Hai vidas de mulleres e de homes que latén ao compás do pulso do país, a de Carlos Casares é unha delas. Por iso, ademais da súa excelente produción literaria, na súa biografía atopamos a pegada fonda dun intelectual que decidiu comprometerse coa Galicia que lle tocou vivir.

Aínda que naceu en 1941 na cidade de Ourense, con só tres anos marchou para a vila de Xinzo, onde seu pai exercía de mestre e onde vivía boa parte da familia. As vivencias na Limia, unha comarca fondamente rural, foron decisivas. As tardes de verán nas augas do río Limia, os nomes dos paxaros e das árbores formarían parte do seu atlas emocional. E tamén algo que marcará o seu futuro, o contacto constante coa lingua galega.

ACTIVIDADE

XA QUE FALAMOS DE PAXAROS, PROBA A ATOPAR NESTA SOPA DE LETRAS OITO NOMES DE AVES QUE SON BEN COMÚNS EN GALICIA:

H	O	I	V	S	A	F	O	M	F	J	L	Y	X
P	Q	E	D	A	Q	O	N	I	R	C	B	V	N
M	Q	F	W	L	O	E	S	B	N	A	Y	R	M
Y	W	X	P	L	Z	Ñ	K	M	J	R	L	D	Z
W	R	C	A	A	Z	W	I	M	E	R	L	O	I
K	S	W	R	P	M	O	Z	N	Y	I	A	G	C
H	W	H	I	S	N	J	E	A	R	Z	V	V	C
G	O	O	E	A	D	M	H	X	L	O	J	X	F
U	U	Z	D	P	I	P	K	C	P	K	T	U	T
C	H	G	N	Ñ	J	A	P	K	E	L	D	S	E
Z	A	Y	A	X	E	R	E	E	P	O	C	Q	E
F	W	T	V	S	V	D	G	D	I	L	D	H	B
N	O	F	A	H	O	A	A	D	N	J	I	H	H
C	H	K	L	V	G	L	M	V	F	I	C	V	Y

CARRIZO
MERLO
ESTORNIÑO
LAVANDEIRA
PEGA
PASPALLÁS
MIÑATO
PARDAL



O principal río que pasa por Xinzo é o Limia, que lle dá nome a toda a comarca. Mais este río, que nace nos montes de Sarreaus e percorre 108 quilómetros ata chegar ao Atlántico (na cidade portuguesa de Viana do Castelo), ten unha fermosa historia de seu relacionada con Roma. Os soldados romanos pensaban que o Limia era o río do Esquecemento.

Busca información ao respecto e explícanos por que tiñan esta crenza.



CARNÉ DE ROMANIDADE

BUSCA INFORMACIÓN SOBRE ESTES IMPORTANTES MONUMENTOS GALEGOS E CÓNTANOS SE DATAN DA ÉPOCA ROMANA. SE TEÑEN OUTRA ORIXE, DINOS CAL É.

1-O dolmen de Cabaleiros (Tordoia)

2- A Torre de Hércules

3-A Muralla de Luño

4-Castelo de Monterrei

5-A Ponte de Rande



A vocación de escritor xorde axiña, cando apenas é un adolescente que cursa os seus estudos no Seminario de Ourense.

Un premio literario vaille cambiar a vida, xa que lle servirá para coñecer un dos membros do xurado: Vicente Risco, un autor fundamental da literatura galega anterior á Guerra Civil.

A través del comeza a frecuentar os faladoiros culturais da cidade.

Na década dos sesenta chega a Santiago para cursar estudos de Filoloxía. Dende os primeiros momentos alíñase nos círculos galeguistas que se opoñen á ditadura.

Alí coñece un dos intelectuais de referencia do momento:

Ramón Piñeiro. Entre os dous xorde unha profunda amizade que perdurará toda a vida. En 1967 publica *Vento ferido*, un conxunto de relatos que sorprenden pola súa orixinalidade. Un ano máis tarde chega outra obra que tamén sentará un precedente na nosa literatura infantil: *A galiña azul*.



Mais non todas son boas novas. A finais dos 60, Casares é profesor dun colexio de Viana do Bolo que, nuns anos grises, se nega a mirar para outro lado.

Forma parte dunha protesta para que os escolares menos privilexiados poidan acceder de balde ao comedor do centro. Isto acaba custándolle unha sanción que lle impide exercer durante algún tempo a docencia en Galicia, polo que debe marchar a Bilbao.




Son tempos cruciais tamén na vida persoal.

En 1971 coñece a que será a súa muller:

Kristina Berg, unha rapaza sueca que está de viaxe por Galicia.

Grazas a aquela relación, abre máis os ollos a realidades diferentes á nosa. Ao longo de toda vida manterá un estreito contacto con Suecia, un país no que ve un modelo económico e político para Galicia.


E TI QUE SABES DE SUECIA? VERDADEIRO OU FALSO



- ☐ V ☐ F -Suecia apenas é tres veces Galicia en extensión.
- ☐ V ☐ F -Aínda que forma parte da Unión Europea, conta cunha moeda de seu.
- ☐ V ☐ F -Suecia limita con Noruega, Islandia e Rusia.
- ☐ V ☐ F -A capital de Suecia é Estocolmo, e a segunda cidade máis importante Oslo.
- ☐ V ☐ F -O hoquei sobre xeo é, xunto co fútbol, o deporte máis popular en Suecia.

En 1969 publica a súa primeira novela, *Cambio en tres*, pero, será a segunda, *Xoguetes para un tempo prohibido* (1975), a que o coloque na primeira liña da nosa literatura. A súa proxección, que comeza a traspasar as nosas fronteiras, é recoñecida en 1978 co ingreso na Real Academia Galega. En 1979 e 1980 chegan outros dous títulos que obterán un grande éxito entre o público e a crítica: o libro de relatos *Os escuros soños de Clío* e a novela *Ilustrísima*. O país vive grandes cambios e Casares non quere ser alleo a eles. A ditadura remata e a transición política abre novos vieiros. Xunto a outros intelectuais demanda para Galicia un estatuto de autonomía con competencias amplas. Aquela loita lévao a entrar de cheo na política institucional. En 1981 será elixido deputado, como “galeguista independente”, dentro das listas do PSdeG-PSOE. Esa lexislatura dará acordos tan importantes e anovadores como a Lei de normalización lingüística.

**Anque chova, vota.
Pídecho Galicia.**



VOTA



ACTIVIDADE

DENDE 1981 ATA OS NOSOS DÍAS,
A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA
TIVO CINCO PRESIDENTES. SABERÍAS DICIR
CALES SON NESTA LISTA?

Manuel Murguía

Xerardo Fernández Albor

Santiago Casares Quiroga

María Luz Morales

Alberte Núñez Feijoo

Manuel Fraña

Manuel Colmeiro

María Mariño

Fernando González Laxe

Ramón María Aller

María Wonenburger

Emilio Pérez Touriño

Inés de Castro

Ánxeles Alvarinho

Maruxa Mallo



Casares deixa axiña o Parlamento pero non o activismo cultural. En 1986 toma as rendas de Galaxia, decana das editoras en lingua galega, e en 1996, a presidencia do Consello da Cultura Galega. Traballador incansable, prosegue coa docencia e coa produción literaria. Así en 1987 publica *Os mortos daquel verán* e en 1996, *Deus sentado nun sillón azul*. A todo isto hai que sumar o seu labor ensaístico e as colaboracións diarias na prensa (*La Voz de Galicia*). Estes últimos textos achégano ao gran público e convértense nun éxito sen moitos precedentes na prensa galega.

En 2002 finou en Vigo debido a unha repentina crise cardíaca. Pouco despois aparecería *O sol do verán*, a novela na que estivera traballando ata poucos días antes do seu pasamento.

Con 60 anos de idade gañara por dereito propio un lugar sobranceiro na literatura galega do século XX.

